

JORGE CANDA MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA LAMA, PONTEVEDRA

Consultada a AUDITORÍA MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO E PLAN DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA DO CONCELLO DE A LAMA, realizada polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas D. Luis Jesús Santiago Limeres,

COMUNICO:

Con data 11 de xaneiro de 2020 entrou en vigor a Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario. Dita lei establece na súa Disposición adicional segunda que, todas as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación deberán levar a cabo unha auditoría co obxecto de cuantificaren as perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento en alta e de subministración en baixa. Igualmente, deberán publicar a porcentaxe de perda de auga na sede electrónica da administración correspondente.

Publicada no Diario Oficial de Galicia N°130 de 8 de Xuño de 2022 a *RESOLUCIÓN do 23 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento AU301C).*

Concedida subvención por Resolución da directora de Augas de Galicia a 17 de Agosto de 2022 para a realización da AUDITORÍA MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO E O PLAN DE ACTUACIÓN PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA DO CONCELLO DE A LAMA ao abeiro da *RESOLUCIÓN do 23 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2022.*

Realizada a Auditoría Municipal do Abastecemento do Concello de A Lama, calculouse que, o rendemento técnico hidráulico do sistema de abastecemento municipal é do **68,65 %**.

A Lama, na data que figura á marxe.
O alcalde,

Jorge Canda Martínez.

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE)

